



BASES DA CONVOCATORIA DE PREMIOS A PROXECTOS DE FIN DE CICLO REDACTADOS E DEFENDIDOS EN GALEGO

PRIMEIRA. OBXECTO.

O obxectivo desta convocatoria é contribuír á normalización da lingua galega no ámbito académico, premiando os proxectos de fin de ciclo redactados e defendidos en galego.

SEGUNDA. DESTINATARIOS/AS.

Poderá acceder a estes premios o alumnado matriculado no CIFP Manuel Antonio que redacte e defenda en galego o seu proxecto de fin de ciclo durante o curso 2021/2022.

TERCEIRA. REQUISITOS.

Os proxectos deberán reunir os seguintes requirimentos:

1. Redactar e defender o proxecto de fin de ciclo enteiramente en galego. Agás aquelas partes indicadas nas bases do proxecto que deban figurar noutra lingua.
2. Manter un uso correcto da lingua, tanto na expresión escrita coma oral.
3. Obter unha cualificación no módulo de proxecto igual ou superior a 5 puntos.

CUARTA. PREMIOS E CONTÍA.

Premiaranse ata un máximo de cinco proxectos por curso académico, un por cada familia profesional presente no centro:

- Hostalaría e Turismo.
- Industrias Alimentarias.
- Química.
- Sanidade.
- Téxtil, confección e pel.

Cada premio consistirá nunha tarxeta regalo valorada en cincuenta euros (50,00€).

QUINTA. RESOLUCIÓN.

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega resolverá que proxectos recibirán os premios. O criterio de selección empregado será a cualificación máis alta de entre todos os proxectos redactados e defendidos en galego presentados en cada familia profesional. En caso de empate resolverase por sorteo.



XUNTA DE GALICIA

GOBERNACIÓN, CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



CIFP Manuel Antonio

Avd.Madrid , s/n
CP: 36214 Vigo - Pontevedra
☎ 886120750 📠 886120776
cifp.manuel.antonio@edu.xunta.es



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"SE inviste no teu futuro"

Programa de aprendizaxe permanente



De non cumprir cos requisitos os premios poderán ser declarados desertos.

A resolución do Equipo de Dinamización da Lingua Galega será inapelable.

SEXTA. ENTREGA DE PREMIOS.

Os premios entregaranse nun acto público. As persoas premiadas deberán estar presentes no acto de entrega, salvo causas de forza maior.

En Vigo a 31 de outubro de 2021.